

**Expediente:** Contas Anuais da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) correspondentes ao exercicio 2016.

**Asunto:** Informe da análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

## REGULACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

---

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REOL).

## NECESIDADE DA SÚA APLICACIÓN A INCOLSA

---

A distinta normativa que regula a estabilidade orzamentaria, ten como obxectivo final a adecuación da política orzamentaria do sector público, en orde á consecución final da súa estabilidade e a garantir o seu crecemento económico no marco da Unión Económica e Monetaria.

O ámbito de aplicación subxectivo desta normativa ven fixado no **artigo 2** da Lei Orgánica 2/2012 e no tamén artigo 2 do Real Decreto 1463/2007.

O artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece aos seus efectos que o sector público se considera integrado polas seguintes unidades:

- 1. O sector Administracións Públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, de 25 de xuño de 1996 que inclúe os seguintes subsectores, igualmente definidos conforme a dito Sistema:*
  - a. Administración central, que comprende o Estado e os organismos da administración central.*
  - b. Comunidades Autónomas.*
  - c. Corporacións Locais.*
  - d. Administracións da Seguridade Social.*
- 2. O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das administracións públicas, non incluídas no apartado anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran ás mesmas.*

O referido Regulamento (CE) 2223/96 do Consello de Europa delimita o sector de «administracións públicas» (S.13) segundo a seguinte definición: *“inclúe todas as unidades institucionais que son outros produtores non de mercado cuxa produción se destina ao consumo individual ou colectivo, que se financian principalmente mediante pagos obrigatorios efectuados por unidades pertencentes a outros sectores e/ou que efectúan operacións de redistribución da renda e da riqueza nacional.”*

O artigo 2.1 d) do Real Decreto 1463/2007, relativo aos integrantes do Inventario de Entes do Sector Público Local ao que lle resulta de aplicación o citado Regulamento, establece:

*“d) As sociedades mercantís nas que se dea algunha das seguintes circunstancias:*

*Que a entidade local, os seus entes dependentes, vinculados ou participados pola mesma, participen no seu capital social, directa ou indirectamente, de forma maioritaria.*

*Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local, dispoña de dereitos de voto maioritarios na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.*

*Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local, teña dereito a nomear ou a destituír á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.*

*Que o administrador único ou a maioría dos membros do consello de administración da sociedade, sexan designados na súa calidade de membros ou conselleiros pola entidade local, organismo ou sociedade mercantil dependentes da entidade local.”*

En base á normativa anterior, INCOLSA ten a condición de sector público, desde o punto de vista da Lei Orgánica 2/2012, e forma parte do Inventario de Entes do Sector Público Local, desde o punto de vista do Real Decreto 1463/2007, por ser unha sociedade mercantil de capital pertencente na súa totalidade ao Concello de Santiago, séndolle por tanto de aplicación a normativa que regula a estabilidade orzamentaria.

### INSTRUMENTACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN INCOLSA - SECTORIZACIÓN

O Real Decreto 1463/2007, no seu **artigo 4**, establece dous grupos de entidades a efectos da determinación e cumprimento dos obxectivos sobre estabilidade orzamentaria, no **caso específico do sector público local**:

*“1. As entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos o produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais,*

*aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade definido nos apartados 1 e 3 do artigo 19 da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria. (1)*

*Aos efectos anteriores, e en canto á execución de orzamentos, entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade orzamentaria calquera alteración dos orzamentos iniciais definitivamente aprobados da entidade local e dos seus organismos autónomos, e, no seu caso, calquera variación da evolución dos negocios respecto da previsión de ingresos e gastos dos entes públicos dependentes.*

*2. As restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación."*

As sociedades mercantís dependentes das entidades locais, encadraranse nun ou noutro grupo segundo teñan a consideración de produtores de mercado ou non. O cálculo da regra do 50% para o exercicio 2016, en base aos criterios establecidos polo SEC95, determina que INCOLSA produce bens ou servizos non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, dado que as vendas son inferiores ao 50% dos custos de produción. O resultado do cálculo da regra do 50%, sitúa pois a INCOLSA, como **produtor non de mercado**, e polo tanto, dentro do sector de Administracións Públicas da Contabilidade Nacional (artigo 4.1 Real Decreto 1463/2007).

Segundo a redacción dada polo artigo 11, en relación co 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que substitúe ao artigo 19 da Lei 18/2001 de Estabilidade Orzamentaria<sup>(1)</sup>, ao que remite o devandito artigo 4.1 do REOL, para as entidades que se encadran no seu ámbito (**Entidades locais e os seus organismos autónomos ou entes públicos dependentes financiados maioritariamente con ingresos non de mercado**), ningunha Administración Pública poderá incorrer en déficit estrutural definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. Establece, tamén, para o caso concreto das Corporacións Locais, que estas deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Para o cálculo do déficit estrutural aplicarase a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orzamentaria.

O Real Decreto 1463/2007, establece no seu **artigo 15** o sistema de cumprimento do obxectivo de estabilidade, determinando que :

---

<sup>(1)</sup> Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, que foi derogada polo RDL 2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, á súa vez derogado pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

*“Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor.”*

O artigo 16 do Real Decreto 1463/2007 articula a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais, descansando a responsabilidade da avaliación na Intervención Xeral do Estado, para o caso de entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 111 do RD Legislativo 2/2004 (que sexan capital de provincia ou que teñan poboación de dereito igual ou superior a 75.000 habitantes). Para os demais municipios a responsabilidade recae no Interventor Local.

#### **DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DAS CONTAS ANUAIS DE INCOLSA PARA O EXERCICIO 2016**

---

A determinación da capacidade de financiamento de INCOLSA, computada de acordo cos criterios establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da guía de marzo de 2013 de Cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais, e tomando como base os datos recollidos nas contas anuais da sociedade, formuladas polo Consello de Administración con data 30 de marzo de 2017, reflicte un valor NEGATIVO por importe de 211.624,90 euros, isto é, amosa unha situación de **necesidade de financiamento**, ao determinarse un valor da capacidade de financiamento da sociedade, individualmente considerada, negativo.

A guía para o cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais da Intervención Xeral da Administración do Estado, establece que no epígrafe de subvencións e transferencias correntes deberá axustarse o importe das subvencións contabilizadas aos datos de execución orzamentaria da Administración Pública pagadora, o que se traduce en que deberá practicarse axuste polo importe daquelas subvencións para as que a 31 de decembro non se tivera emitido, pola entidade concedente, a correspondente resolución de pagamento.

Para o caso das contas anuais correspondentes ao exercicio 2016, a sociedade ten recoñecidas no Balance e na conta de Perdas e Ganancias un importe total de 321.734,55 euros de subvencións para as que a 31/12/16, a entidade concedente aínda non tiña emitida a correspondente resolución de pagamento, polo que se practica un axuste por dito importe para o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento da sociedade a esa data. Neste momento, na data de emisión deste informe, foron xa emitidas resolucións de pagamento por importe de 319.999,81 euros, quedando unicamente pendente de resolución un importe de 1.734,74 euros.

A práctica do anterior axuste motiva o valor negativo que reflicte a determinación da capacidade/necesidade de financiamento da sociedade a 31 de decembro de 2016.

Este desfase temporal de tesourería provocado pola necesaria anticipación do gasto para o posterior cobro das achegas concedidas polas distintas administracións públicas, foi cuberto mediante a póliza de crédito a curto prazo que a sociedade ten contratada, con data de vencemento en agosto de 2017 e cun límite máximo de crédito de 750.000,00 euros, superior á cifra de necesidade de financiamento calculada.

Tendo en conta que á data de emisión deste informe xa foron emitidas resolucións de pago correspondentes a subvencións de 2016 por importe de 319.999,81 euros, debe entenderse que a necesidade de tesourería que reflectían os datos de cálculo da necesidade de financiamento a 31 de decembro de 2016, 211.624,90 euros, foi xa cuberta.

Isto é o que se informa a efectos de determinar o cumprimento do obxectivo de estabilidade a nivel consolidado, e en termos de capacidade de financiamento conforme ao establecido no artigo 15 do RD 1463/2007 e salvo mellor opinión fundada en dereito.

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2017



SANTIAGO DE  
COMPOSTELA  
TURISMO

Asdo.: Flavia María Ramil Millarengo

Directora-Xerente de INCOLSA

<b>INGRESOS E GASTOS SEGUNDO PeG 2016. CONTAS ANUAIS 2016.</b>	<b>Capacidade/Necesidade de financiamento a 31-12-16</b>
<b>INGRESOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (A)</b>	<b>2.955.630,25</b>
Importe neto cifra de negocios	270.111,19
Traballos previstos realizar para o seu activo	0,00
Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	1.260,00
Subvencións e transferencias correntes	2.681.467,69
Ingresos financeiros por intereses	195,93
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00
Ingresos excepcionais	435,51
Achegas patrimoniais	0,00
Subvencións de capital recibidas no exercicio	2.159,93
<b>GASTOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (B)</b>	<b>(3.167.255,15)</b>
Aprovisionamentos	(6.746,06)
Gastos de persoal	(776.803,24)
Outros gastos de explotación	(2.258.441,70)
Gastos financeiros e asimilados	(151,16)
Imposto de sociedades	(40,61)
Outros impostos	(111.377,50)
Gastos excepcionais	(123,00)
Amortización do inmovilizado	
Variacións do inmovilizado material e intanxible, de inversións inmobiliarias, de existencias	(5.911,82)
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PeG	
Aplicación de provisións	(7.660,06)
Inversións efectuadas por contas de Administracións e Entidades Públicas	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	
<b>(=) Capacidade /Necesidade de financiamento</b>	<b>(211.624,90)</b>

INGRESOS E GASTOS SEGUNDO DATOS CONTAS ANUAIS 2016	Datos de ingresos e gastos do exercicio segundo PeG 2016 a 31/12/16	Axustes positivos	Axustes negativos	Capacidade/Necesidade de Financiamento calculada a 31-12-16	Axustes para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento a partir dos datos da Conta de PeG de 2016, calculada segundo a Guía de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional das entidades empresariais que aplican o PGC
<b>INGRESOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (A)</b>	<b>3.160.444,41</b>	<b>117.159,93</b>	<b>-321.974,09</b>	<b>2.955.630,25</b>	
Importe neto cifra de negocios	270.111,19			270.111,19	
Traballos previstos realízate para o seu activo	0,00			0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	1.260,00			1.260,00	
Subvencións e transferencias correntes	2.888.202,24	115.000,00	-321.734,55	2.681.467,69	Axustes por diferenza de criterio entre a normativa contable de aplicación a INCOLSA e a Contabilidade Nacional, sobre o momento de imputación a ingresos das subvencións. Súmanse as formalizadas en 2015 con resolución de pago prevista en 2016 e restáanse as de 2016 con resolución prevista en 2017
Ingresos financeiros por intereses	195,93			195,93	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)				0,00	
Ingresos excepcionais	435,51			435,51	Non se aplican axustes porque supoñen movementos de tesorería.
Achegas patrimoniais				0,00	
Subvencións de capital recibidas no exercicio	239,54	2.159,93	-239,54	2.159,93	Recoñécense as Subvencións de capital polo total concedido no exercicio e axústase o importe traspasado resultado do no exercicio.
<b>GASTOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (B)</b>	<b>(3.150.666,89)</b>	<b>(11.592,49)</b>	<b>(4.995,77)</b>	<b>(3.167.255,15)</b>	
Aprovisionamentos	4.955,16	(6.746,06)	(4.955,16)	(6.746,06)	
Gastos de persoal	(776.803,24)			(776.803,24)	
Outros gastos de explotación	(2.258.441,70)			(2.258.441,70)	
Gastos financeiros e asimilados	(151,16)			(151,16)	
Imposto de sociedades	99,68	(99,68)	(40,61)	(40,61)	Axuste por diferenza de criterio para a determinación do IS do exercicio.
Outros impostos	(111.377,50)			(111.377,50)	
Gastos excepcionais	(123,00)			(123,00)	Non se aplican axustes porque supoñen movementos de tesorería.
Amortización do inmovilizado					Axuste do importe da dotación á amortización do inmovilizado do exercicio que non computa.
Varacións do inmovilizado material e intangible, de inversións inmovilizadas, de existencias	(8.825,13)	8.825,13			
Varación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PeG		(5.911,82)		(5.911,82)	
Aplicación de provisiones					
Inversións efectuadas por contas de Administracións e Entidades Públicas		(7.660,06)		(7.660,06)	
Axudas, transferencia e subvencións concedidas					
<b>(=) Capacidade /Necesidade de financiamento</b>	<b>9.777,52</b>			<b>(211.624,90)</b>	

**SUBVENCIÓNS A CONSIDERAR PARA O CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO. CONTAS ANUAIS 2016.**

**SUBVENCIÓNS RECOLLIDAS EN PEG e PATRIMONIO NETO 2016**

7400001	Achega anual Concello		2.277.000,00
7400002	Subvención PCT Deputación		120.000,00
7400003	Subv. Deputación actuacións de promoción		2.001,00
7400004	Subvención ATG - Festas do Apóstolo		25.000,00
7400005	Subvención Abanca - Festas do Apóstolo	2.001,00	10.000,00
7400006	Subv. Concellos Área Santiago	1.734,74	25.374,35
7400008	Subv. Deputación WOMEX	215.000,00	215.000,00
7400009	Subv. Xunta WOMEX	100.000,00	100.000,00
7400010	Subv. ATG actuacións de promoción	2.998,81	52.988,00
7400011	Subv. ATG Xeodestinos	Total	60.000,00
7400012	Subv. Inversións Deputación	-321.734,55	838,89
	<b>TOTAL</b>	<b>115.000,00</b>	<b>2.888.202,24</b>
9400001	Subv. Inversións Deputación		2.159,93
	<b>TOTAL</b>	<b>-206.734,55</b>	<b>2.159,93</b>

**AXUSTES NEGATIVOS (Subvencións de explotación 2016 e 2015 con resolución de pago prevista ou efectiva en 2017)**

Subv. Deputación actuacións de promoción turística

Subv. Concellos Área Santiago (Achegas de Trazo 2015 e 2016)

Subv. Deputación WOMEX

Subv. Xunta WOMEX

Subv. Inversións Deputación

**AXUSTES POSITIVOS (Subvencións de explotación recollidas en Peg 2015 con resolución de pago en 2016)**

Deputación Provincial - PCT 2015

**DETERMINACIÓN DO GASTO COMPUTABLE A EFECTOS DA REGRA DO GASTO DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. PARA O EXERCICIO 2016**

A continuación detállase o cálculo do gasto computable a efectos da regra do gasto da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A., determinado en base aos datos das contas anuais correspondentes ao exercicio 2016 formuladas polo Consello de Administración con data 30 de marzo de 2017.

Para a determinación destes datos empregouse a 2ª Edición da Guía para a determinación da regra do gasto do artigo 12 da Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira para Corporacións Locais, da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Concepto	CONTAS ANUAIS 2016
Aprovisionamentos	6.746,06
Gastos de persoal	776.803,24
Outros gastos de explotación	2.258.411,70
Imposto de sociedades	-72,07
Outros impostos	111.377,50
Gastos excepcionais	123,00
Variacións do inmovilizado material e intanxible, de inversións inmobiliarias, de existencias	5.911,82
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de perdas e ganancias	0,00
Aplicación de provisións	7.660,06
Inversións efectuadas por conta da Entidade local	0,00
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00
<b>Empleos non financeiros termos SEC, excepto intereses da débeda</b>	<b>3.166.961,31</b>
- Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a Corporación Local (2) Hai que descontalo na entidade pagadora.	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas: UE, Estado, Comunidade Autónoma, Diputacións, Outras Administracións Públicas.	-603.362,17
<b>Gasto computable a efectos da regra do gasto</b>	<b>2.563.599,14</b>

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2017.




Asdo: Flavia Ramil Millarengo  
Directora – Xerente

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

	2016
<b>FOLLA AUXILIAR REGRA DO GASTO</b>	<b>6.746,06</b>
<b>Aprovisionamentos</b>	
Compras (600)+(602)	8.311,26
Variación existencias (610)	-1.565,20
Traballos realizados por outras empresas (607)	0,00
<b>Gastos de persoal</b>	<b>776.803,24</b>
Soldos e salarios (640)	595.608,91
Indemnizacións (641)	76,61
Seguridade social (642)	176.908,84
Outros gastos sociais (649) (*)	4.208,88
(*) Inclúe dietas recoñecidas no exercicio aos membros do Consello de Administración e o custo dos servizos de prevención e vinciancia da saúde obrigatorios por lei.	
<b>Outros gastos de explotación</b>	<b>2.258.411,70</b>
Servizos exteriores (62)+(634)	2.258.411,70
Outros gastos de xestión corrente (65)	0,00
<b>Imposto de sociedades</b>	<b>-72,07</b>
Pagos a conta realizados no exercicio (473)	40,61
Rdo liquidación final exercicio anterior (4709/4752)	-112,68
<b>Outros impostos</b>	<b>111.377,50</b>
Outros tributos (631+634)	111.377,50
<b>Gastos excepcionales</b>	<b>123,00</b>
Só gastos reais que impliquen saída de fondos ou creación de pasivos financeiros (678)	123,00
<b>Variacións del inmovilizado material e intangible, de inversións inmobiliarias, de existencias</b>	<b>5.911,82</b>
Ver Hoja auxiliar SEC	
<b>Variación de existencias de produtos terminados y en curso de fabricación de la cuenta de pérdidas y ganancias</b>	<b>0,00</b>
<b>Aplicación de provisiones</b>	<b>7.660,06</b>
<b>Inversións efectuadas por cuenta de la Entidad local</b>	<b>0,00</b>
<b>Ayudas, transferencias y subvenciones concedidas</b>	<b>0,00</b>

Detalle Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas: UE, Estado, Comunidade Autónoma, Diputacións, Outras Administracións Públicas.

2016	Importes P+G	Subvencions de capital	Importe subvención a imputar
Subvención PCT Deputación	120.000,00		120.000,00
Subv. Deputación actuacións de promoción turística	2.001,00		2.001,00
Subvención ATG - Festas do Apóstolo	25.000,00		25.000,00
Subvención Abanca - Festas do Apóstolo	10.000,00		
Subv. Concellos Área Santiago	25.374,35		25.374,35
Subv. Deputación WOMEX	215.000,00		215.000,00
Subv. Xunta WOMEX	100.000,00		100.000,00
Subv. ATG actuacións de promoción	52.988,00		52.988,00
Subv. ATG Xeodestinos	60.000,00		60.000,00
Subv. Inversións Deputación (740)	838,89		838,89
Subv. Inversións Deputación (130)	2.159,93	2.159,93	2.159,93
<b>TOTAL</b>	<b>611.202,24</b>	<b>2.159,93</b>	<b>603.362,17</b>

**DETERMINACIÓN DO GASTO COMPUTABLE A EFECTOS DA REGRA DO GASTO DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. PARA OS EXERCICIOS 2013/2014/2015/2016**

A continuación detallase o cálculo do gasto computable a efectos da regra do gasto da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A., determinado en base aos datos das contas anuais correspondentes aos exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016, formuladas polo Consello de Administración.

Para a determinación destes datos empregouse a 2ª Edición da Guía para a determinación da regra do gasto do artigo 12 da Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira para Corporacións Locais, da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Concepto	Liquidación 2013	Liquidación 2014	Liquidación 2015	Liquidación 2016
Aprovisionamentos	65.159,97	73.553,65	52.543,29	6.746,06
Gastos de persoal	788.237,62	775.969,18	812.196,36	776.803,24
Outros gastos de explotación	490.358,80	1.670.680,36	2.017.476,83	2.258.411,70
Imposto de sociedades	-14,76	33,89	198,37	-72,07
Outros impostos	667,32	102,16	0,00	111.377,50
Gastos excepcionais	0,00	44,13	1.228,10	123,00
Variacións do inmovilizado material e intangible, de inversións inmobiliarias, de existencias	7.547,11	-5.392,66	1.707,62	5.911,82
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de perdas e ganancias	0,00	0,00	0,00	0,00
Aplicación de provisiones	3.160,02	0,00	0,00	7.660,06
Inversións efectuadas por conta da Entidade local	0,00	0,00	0,00	0,00
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Empleos non financeiros termos SEC, excepto intereses da débeda</b>	<b>1.355.116,08</b>	<b>2.514.990,71</b>	<b>2.885.350,57</b>	<b>3.166.961,31</b>
- Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a Corporación Local (2) Hai que descontalo na entidade pagadora.	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas: UE, Estado, Comunidade Autónoma, Diputacións, Outras Administracións Públicas.	-265.000,00	-550.374,35	-140.374,35	-603.362,17
<b>Gasto computable a efectos da regra do gasto</b>	<b>1.090.116,08</b>	<b>1.964.616,36</b>	<b>2.744.976,22</b>	<b>2.563.599,14</b>

Santiago de Compostela, a 15 de outubro de 2017

Asdo: Flavia Ramil Millarengs  SANTIAGO DE  
COMPOSTELA  
T U R I S M O  
Directora - Xerente